



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto:** Formalización do contrato como auxiliar administrativa para servizos sociais (persoal laboral temporal), de Leila Solange González Salum

**Núm. Admvo. Expte.:** 2020/E001/000001

**Expte. Decreto Núm.:** 2020/G003/000585

Visto o expediente administrativo núm. 2020/E001/000001 para a convocatoria para a selección de 1 auxiliar administrativo/a para Servizos Sociais, persoal laboral temporal, subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña a través do Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no 2020 e publicadas no BOP núm. 69, de 15 de maio de 2020.

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 447/2020, de 02/09/2020 pola que se nomea a Leila Solange González Salum como auxiliar administrativa para Servizos Sociais (persoal laboral temporal, programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación da Coruña), Escala Administración Xeral, Subescala: Auxiliar, Grupo: C2.

Vista a disposición de gasto necesaria para a formalización deste contrato nas partidas orzamentarias 2020.231.131.00 e 2020.211.160.03, proxecto de gastos 2020 3 SSAUX, do orzamento de 2020.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía

### RESOLVE:

**Primeiro.** Autorizar a contratación a favor de Leila Solange González Salum, con DNI núm. \*\*\*399\*\*\* como auxiliar administrativa para servizos sociais (persoal laboral temporal, programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación da Coruña).

**Segundo.** Formalizar o contrato con Leila Solange González Salum como auxiliar administrativa para Servizos Sociais (persoal laboral temporal), a xornada completa, dende o 7 de outubro de 2020 ao 31 de decembro de 2020, ámbolos dous incluídos, na modalidade de obra ou servizo determinado, comunicándolle que a súa incorporación ao posto de traballo será con data do 7 de outubro de 2020.

Así mesmo informáraselle acerca do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que establece co concello.

**Terceiro.** Comunicar ao Rexistro de persoal para os efectos oportunos.

**Cuarto.** Formalizado o contrato, comunicar a oficina pública de emprego que corresponda, no prazo de dez días seguintes á súa concertación.

**Quinto.** Informar á representación legal dos traballadores mediante entrega dunha copia básica do contrato realizado.

**Sexto.** Notificar este decreto á interesada e dar traslado ao Departamento de Contabilidade municipal para o seu coñecemento.

**Sétimo.** Publicar esta resolución na páxina web do concello ([concellodelaxe.com](http://concellodelaxe.com)) e no Taboleiro de Anuncios do concello.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde,  
Asdo.: José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora  
Asdo.: Begoña Carrasco García